

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN TECNOLOXÍAS EN MARKETING E COMUNICACIÓN POLÍTICA

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ten previsto asinar un convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares do alumnado de Máster universitario en tecnoloxías en marketing e comunicación política, cunha vixencia de catro anos, con posibilidade de prórroga de mutuo acordo entre as partes.

A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo laboral constitúe unha das preocupacións da Universidade de Santiago de Compostela, de aí que sexa un dos seus obxectivos complementar a formación teórica mediante as prácticas en entidades que lle permitan ao alumnado coñecer a realidade laboral.

Pola súa parte, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude é consciente de que a realización de prácticas posibilita ao alumnado universitario a oportunidade de combinar os coñecementos teóricos cos de contido práctico, adquirindo as competencias necesarias para a súa inserción no mundo laboral cun mínimo de experiencia e, neste contexto, considera que pode ser unha entidade que contribúa a ese obxectivo facilitando que o alumnado de máster universitario en tecnoloxías en marketing e comunicación política realice prácticas no gabinete de prensa da consellería.

Neste contexto, pretende asinarse un convenio de colaboración que permita a realización das prácticas académicas, no que os intereses comúns e converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e do que non se van derivar obrigas de contido económico.

En atención ao exposto considérase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O que se manifesta, en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A secretaria xeral técnica,
Elvira María Casal García

